



| Guía Docente          |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                    |                                                |           |
|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|------------------------------------------------|-----------|
| Datos Identificativos |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                    |                                                | 2022/23   |
| Asignatura (*)        | Iniciación á investigación educativa                                                                                                                                                                                                                            |                    | Código                                         | 652601E12 |
| Titulación            | 1 Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Experimentais                                                                                                                                                                         |                    |                                                |           |
| Descriptor            |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                    |                                                |           |
| Ciclo                 | Período                                                                                                                                                                                                                                                         | Curso              | Tipo                                           | Créditos  |
| Mestrado Oficial      | Anual                                                                                                                                                                                                                                                           | Primeiro           | Obrigatoria                                    | 2         |
| Idioma                | Galego                                                                                                                                                                                                                                                          |                    |                                                |           |
| Modalidade docente    | Presencial                                                                                                                                                                                                                                                      |                    |                                                |           |
| Prerrequisitos        |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                    |                                                |           |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación                                                                                                                                                                                    |                    |                                                |           |
| Coordinación          | Mendiri Ruiz de Alda, Paula Maria                                                                                                                                                                                                                               | Correo electrónico | paula.mendiri@udc.es                           |           |
| Profesorado           | Mendiri Ruiz de Alda, Paula Maria<br>Pérez Crego, María Cristina                                                                                                                                                                                                | Correo electrónico | paula.mendiri@udc.es<br>cristina.pcrego@udc.es |           |
| Web                   |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                    |                                                |           |
| Descrición xeral      | Preténdese que o alumnado do máster se familiarice coa investigación no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademais, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación. |                    |                                                |           |

| Competencias / Resultados do título |                                                                                                                                                                                                                                                        |
|-------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título                                                                                                                                                                                                                    |
| A19                                 | (CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.                                                                                                                                           |
| A24                                 | (CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.                                                                                             |
| A28                                 | (CE-E14)Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.                                                           |
| A33                                 | (CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente                                                                                                                                                                        |
| A35                                 | (CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.                                                                                                                                 |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.                                                                                                                                               |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.                                                                        |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.                                                                                                                                               |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.                                                                                                                      |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.                                                                                                                                                                       |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                                                                                                          |

| Resultados da aprendizaxe                                                                                                                                                             |      |                                     |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                             |      | Competencias / Resultados do título |     |
| O alumnado debe ser capaz de deseñar as fases do proceso de investigación educativa desde a formulación do problema ata a planificación do análise de datos ou da información.        | AP19 |                                     | CM1 |
|                                                                                                                                                                                       | AP28 |                                     | CM5 |
|                                                                                                                                                                                       | AP33 |                                     | CM7 |
|                                                                                                                                                                                       |      |                                     | CM8 |
| O alumnado debe ser capaz de desenvolver as accións implicadas nas fases de investigación educativa (recollida de datos, análise, obtención e discusión de resultados e conclusións). | AP19 |                                     | CM1 |
|                                                                                                                                                                                       | AP28 |                                     | CM3 |
|                                                                                                                                                                                       | AP33 |                                     | CM4 |
|                                                                                                                                                                                       | AP35 |                                     | CM6 |



|                                                                                                                                |      |  |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|--|-----|
| O alumnado deberá ser capaz de presentar un informe de investigación por escrito e, se é o caso, de forma oral e colaborativa. | AP19 |  | CM1 |
|                                                                                                                                | AP24 |  | CM3 |
|                                                                                                                                | AP28 |  | CM4 |
|                                                                                                                                | AP33 |  | CM6 |

| Contidos                                                        |                                                                                                                |
|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas                                                           | Subtemas                                                                                                       |
| Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación | 1.1. Plantexamiento do problema<br>1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos                               |
| Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa      | 2.1. A metodoloxía cuantitativa<br>2.2. A metodoloxía cualitativa<br>2.3. Técnicas de recollida de información |
| Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa         | 3.1. Elaboración dun proxecto de investigación                                                                 |

| Planificación                             |                                             |                                         |                         |              |
|-------------------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                     | Competencias / Resultados                   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral                          | A19 A28 C6 C8                               | 4                                       | 0                       | 4            |
| Aprendizaxe colaborativa                  | A19 A24 A28 A33<br>A35 C1 C3 C4 C6 C8       | 6                                       | 18                      | 24           |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A19 A24 A28 A33<br>A35 C1 C3 C4 C6 C7<br>C8 | 3                                       | 14                      | 17           |
| Presentación oral                         | A28 A33 A35 C1 C3<br>C5                     | 1                                       | 2                       | 3            |
| Atención personalizada                    |                                             | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías                              | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Sesión maxistral                          | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe dos contidos da materia.                                                                                                |
| Aprendizaxe colaborativa                  | Baséase na organización da clase en grupos de 5-6 persoas para deseñar un proxecto de investigación educativa a partir dunha temática proposta polo grupo. El alumnado, polo tanto, traballará conxuntamente na resolución de tarefas encomendadas e supervisadas polo profesorado para optimizar a súa aprendizaxe. |
| Investigación (Proxecto de investigación) | Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades que requiran desenvolver os procesos relevantes como a recollida e análise de datos, a obtención e discusión dos resultados e a extracción de conclusións.                                                            |
| Presentación oral                         | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal da investigación realizada.                                                                                                                                                                                                   |

| Atención personalizada                                                |                                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías                                                          | Descrición                                                                                          |
| Aprendizaxe colaborativa<br>Investigación (Proxecto de investigación) | A docente estará dispoñible, tanto na aula como nas titorías, para aclarar calquera tipo de dúbida. |

| Avaliación |
|------------|
|------------|



| Metodoloxías                              | Competencias / Resultados             | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Cualificación |
|-------------------------------------------|---------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Presentación oral                         | A28 A33 A35 C1 C3 C5                  | Se presentará, de forma oral e cos recursos adecuados, a investigación ante a profesora e demais compañeiros/as de aula. Nesta, poderanse facer preguntas sobre a información presentada. A cualificación será a mesma para todo o grupo.                                                                                                                                                                  | 15            |
| Aprendizaxe colaborativa                  | A19 A24 A28 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C8    | Ao longo das sesións íranse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto de investigación educativa centrado nunha temática seleccionada polo grupo de traballo. Isto se materializará nun informe escrito denominado "Proxecto de investigación". A cualificación será a mesma para todo o grupo.                                                                       | 60            |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A19 A24 A28 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8 | O proxecto de investigación se desenvolverá nas fases que requiren un traballo de campo, como recollida e análise de datos, obtención e discusión de resultados e extracción de conclusións. Isto se presentará nun informe escrito co título de investigación e que completa o Proxecto da investigación. A cualificación será a mesma para todo o grupo. A cualificación será a mesma para todo o grupo. | 25            |

## Observacións avaliación

Atendendo as Normas de Avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario a materia aposta pola avaliación continua e as metodoloxías activas de aprendizaxe. Para superar a materia o alumnado deberá acadar un 5 na cualificación global da mesma.

Polo tanto, o día marcado no calendario oficial non se realizará ningún exame, xa que a avaliación continua terá rematado ao finalizar a docencia da materia.

O alumnado que durante o curso perda a condición de asistente (80% da presencialidade nas sesións) terá que realizar as actividades restantes de forma individualizada.

Para o alumnado que por motivos xustificadas non poda asistir, se manterá o mesmo sistema de avaliación, polo que deberá estar pendente das actividades e das datas de entrega das mesmas.

É obrigatorio que o alumnado baixo esta modalidade (non asistente) o comunique nas dúas primeiras sesións do cuadrimestre mediante unha titoría coa docente.

A convocatoria de Xullo estará destinada ao alumnado que ben no superase a materia ou ben que non se presentase.

No

primeiro caso (alumnado que non superou a materia na convocatoria de xuño), realizará novamente as actividades de avaliación continua que non aprobou.

No segundo caso (alumnado non

presentado) realizará as actividades de avaliación continua.

Nos dous casos é preciso entregar as actividades con data límite dúas semanas antes da data oficial do exame de xullo de 2023, na que terá lugar, si é o caso, a presentación oral da investigación.

## Fontes de información



|                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Fondo de Cultura Económica</li><li>- Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. La Muralla</li><li>- Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. INICIEN</li><li>- Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. McGraw Hill</li><li>- McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Pearson</li><li>- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Punto Rojo Libros, S.L.</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.</li><li>- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher</li><li>- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners. Nueva Delhi: APH Publishing Corporation</li></ul>                                                                                                                                                                                                                                       |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías